

O KIKIRIXOTE, aventuras e desventuras dun galo de curral

0.1 PORTADA

1 Negro. Música 1

Luz mínima no Galiñeiro

2*Un galo esta a ler dia rios a oito, rosma de xeito inconexo, quizais por causa das*

3*noticias que le, tanto ri como de súpeto berra encolerizado, guinda os diarios polo ar (Raquel Jorge e Kukas moven follas de periódicos dun lado para outro).*

Murmura cacofonías, tirase polo chan, tal é o disparate que semella co galo virou tolo de remate. Dun brinco fica enriba da maseira e di:

Kikirixote.-

¡Basta, basta e basta !

Ó mundo lle falta un parafuso, e eu serei o galo quirico que llo ten de amañar:

Sube enriba dun feixe de palla

¡ Xa está ben! Eu Kikirixote da granxa dende hoxe loitarei arreo para rematar con tódalas inxustizas.

Rematou a diversión chegou o galo e mandou parar... *dálle unha patada ó feixe de palla que sae da escena para atrás*

(Para el) Certo, pero antes teño que ser nomeado capón andante.

hai unha caixa de ferramentas colle un desaparafusador, o examina, logo unha broca, logo un berbequí, unha tampa dunha pota, pon todo enriba da caixa de ferramentas.

A luz deste luar velarei as miñas ferramentas, darei fiel homenaxe a... *(olla*

4*unha fotografía que repaña do chan)*

VIDEO: Foto de Galiña

¡Oh! ¡Que bela galiña!, vaia, na traseira hai algo escrito: retrato de Dulcichoca do Toboso, ¡que nome mais axeitado!, o destino quer que ela, Dulcichoca, sexa o facho que guíe as miñas pegadas, o final do meu destino... Oh!

Dulcichoca que rostro tan anxelical e tan fermoso! Dulcichoca miña inspiración miña musa, de ti estou tan namorado como da tixola o pescado.

Pon a foto presidindo as ferramentas, axeonllase e vela as “armas”. Así fica toda a
5 *noite, 2 veces canta acordando a toda granxa unha e outra vez, os animais vanse*
incomodando, polas falsas alarmas do galo chalado. Música 2

6 *Sae o sol o galo canta de novo, a galiña choca guíndalle un galorcho que lle da*
na cachola. Música 3

7 *Entra o granxeiro cunha botella e un funil, e vai cara ó pozo, sube o caldeiro e*
enche a botella de auga. O granxeiro vai cara o galiñeiro xoga coa botella, o
tapón e o funil, que deixa no galiñeiro, mentres el marcha pola cancela levando
a caixa de ferramentas.

O galo espílese e atopa o funil

Kikirixote.-

8 *¡Oh, grandioso este helmo de... (Olla a traseira e le a marca) Marcelino*
(axéitao na cabeza) xusto a medida...

Polos bechos dunha cabra cabreada, agora que me decato, non podoo ser
galo andante se non teño un escudeiro.

Entra en escena por tras da capoeira ata o valado un porco goso, un pouco
torpe. O galo ó velo dille

Ah querido amigo, por fin aparecestes ...

Chancho.-

¿É a min?

Kikirixote.-

¿Se non hai ninguén mais aquí presente a quen poida dirixi-la palabra? A
quen vai ser si non.

Chancho.-

¿E vostede que quere de min?

Kikirixote.-

Ben querido amigo, a providencia tivo a ben me outorgar a grandeza e o deber de desterrar da granxa a inxustiza, a infamia, a mentira, e si cadra tamén a dor de barriga...

Chancho.-

Paréceme ben estimado señor, pero non comprendo que pinto eu en todo isto...

Kikirixote.-

Como manda a tradición un capón andante non pode percorrer so os camiños das inxustizas, sempre ten de ir acompañado dun escudeiro, algo así como un secretario que se dedique as miudanzas mundanas tal como procurar comida, levar misivas ós contrincantes, etcétera, etcétera... e aínda mais

Chancho.-

Entendo, so temos un problema que aínda que é pequerrecho paga a pena ter en conta.

Kikirixote.-

Conta, di, fala, explícate...

Chancho.-

Primeiro falaremos do peculio, ou sexa a pasta, a guita, resumindo ¿que cartos temos a nosa disposición para pagar tales mesteres?

Kikirixote.-

Ah, porca miseria, sempre son as miudezas as que non nos deixan resolver as grandezas... Xa asemellamos humanos con tantos atrancos e estupideces... non te preocupes querido Chancho Panza: pediremos unha subvención á Deputación, que cartos non nos han baltar, digo faltar con f de feixón...

Chancho.-

Dacordo meu señor, pero non menos importante é saber cal é a minuta... Se deixo o cortello dalgún sitio terei que sacar o xantar para ter a miña piara contenta

Kikirixote.-

(Fachendoso dille a Chanco) Querido Chanco amigo, cando liberemos ó mundo do disparate no que se atopa mergullado, podo prometer e prometo que nomeareite concelleiro, non aínda mellor poñereite ó mando da aldea, fareite alcalde aínda que sexa de balde...

O Porco ó escoitar as promesas achegase ó galiñeiro

9 Chanco.-

Oh, meu galo e señor, quédolle moito obrigado...

Kikirixote.-

Que non se fale mais, emprendámolo camiño cara noso destino... Quiquiriquí
Imos...

Chanco.-

¿Por onde?

Kikirixote.-

Pois, pois por aí...

Cantan.

Ai vamos, ai vamos, ai vamos alá

Música 4

10 *Niso entra o granxeiro pola porta e vai ata capoeira, sube a escaleira e colle ovos que vai metendo no queipo.*

Kikirixote-

Estate quedo non te movas mal cabaleiro andante,

11 Por aquí non pasaras

12 *Kikirixote se lanza ata os caixóns tropeza coa escaleira pequena e queda esnafrado, o granxeiro que non se decatou de nada marcha pola porta. Chanco que quedou no galiñeiro axúdalle cun trueiro e lévao para arriba e méteo na cama.*

Kikirixote.-

¡Que trompada, querido Chanco, o infortunio xogoume unha mala pasada!

Chanco.-

Meu señor Kikirixote, está eivado
Machucado,
Escagarriado,
Non se cura con vendaxes este accidente
Senón con lavativas de sal e auga quente

Kikirixote.-

Preciso repousar, meu amigo,

Chanco vaise.

Entra unha pita por detrás da capoeira ata o valado. Leva un periódico que tira para atrás. Aparecen voando cachiños de periódico triturados

13 Pita.-

Malditos diarios, eles son os culpables con tantas noticias desagradables da loucura do meu tío. Hai que acabar con eles.

O Kikirixote esperta e alporízase ó ver os diarios esnaquizados

Kikirixote.-

¿De que vai isto, quen se atreveu a esnaquizar meus diarios? ¡Guillermina!

Pita.-

14 Eu non fun. Non se enfurruñe meu tío, pero asexei como o Mago Malambuño entrou con sixilo, e nun minuto, sen darme tempo para poder reaccionar, converteunos en confeti e como se dunha festa se tratase encheu os ceos de diminutos frangullas de papeliños...

Kikirixote.-

Que se prepare o Mago Malambuño ese

Vai saber quen é Don Kikirixote da Granxa (*tuse*)

Pita.-

Non se excite meu tío que lle volve a tose,
Que vaia rañala o Mago de Coz

Kikirixote.-

Pois que se vaia que eu me vou maltreito a acougar ó meu leito...
Mañá será outro día.
Hoxe comamos millo con miñocas
Bebamos sangría fría
Que mañá será outro día...

Cae durmido no leito

Pita.-

Descansa “Galo da triste figura”,
Mira para el, aínda durme o benditiño. Está tan machucado que coido que tardara días en recuperarse.
Deixareino acougar que boa falta lle fai... ai, pobriño, pobriño!

15 *Vaise a sobriña Pita.*

Kikirixote ronca ten pesadelos, de vez en cando canta, a granxa tolea, os animais

16 *espertan pensando que xa e de día, así vai pasando a noite, comeza a*

amañecer, Kikirixote xa repostado, mais ou menos, enche os pulmóns e anuncia a

17 *saída do sol, unha galiña cabreada guíndalle unha tixola que lle da en toda a cachola, Kikirixote cae sen sentido no leito* **Música 5**

18 *Cantan os paxariños. Kikirixote espile, ve como o sol xa ten saído*

Kikirixote.-

Xa saíu o sol e eu sen anunciálo... Miña cabeciña, como anda...

Entra Chanco polo galiñeiro, Kikirixote remexese no leito. Ao notar a presenza do porquiño acorda, mentres a galiña choca asexo polo que poida pasar.

Kikirixote.-

Ah, es ti querido Chancho Panza

Chancho.-

¿Qué tal se atopa esta mañá?

Kikirixote.-

Dóeme a cabeza como si me bateran cun galorcho cuarteleiro, nin ganas teño de anunciar como de cote a saída do sol (*a galiña asoma a cabeza pola xanela*) Mellor será que chova (*a galiña retirase satisfeita ó ver que Kikirixote non vai cantar*)

Chancho.-

Repouso, moita tranquilidade e repouso é o mais recomendable para recupera-las forzas, meu señor Kikirixote.

Música 6

Kikirixote.-

Lembranzas gloriosas ó meu pensamento retornan, a imaxe de aqueles adaís que noutros tempos, alto e ben alto deixaron o listón da cabalería, tal foi a súa sona que a cotío presidían as mellores mesas i eran os reis dos mais succulentos manxares: meu estimado devanceiro o Galo a Pepitoria, o grande Porquiño Pata Negra, Pato ao Armagnac, Cabrito ao Espeto, e o extraordinario Foie de Oca...

Chancho.-

Non siga que me mareo so de pensar neles

Kikirixote.-

Perde coidado estimado Chancho, estes grandes manxares so están destinados a exquisitos, gloriosos e insignes persoeiros...que deus os teña na gloria!

Chancho.-

Xamón de Jabugo, Morcilla Asturiana, Lacón con Grelos...Que deus os teña na gloria

Kikirixote.-

Tamén ti oíches falar deles, ¿non si?, fêrveme o sangue! ¿Que facemos aquí parados? Collamos as nosas armas e a desfacer agravios, animo querido porquiño, o mundo esta cheo de aventuras agardando por nos....

Por Dulcichoca do Toboso amor dos meus amores! Ala imos... ¡Quiquiriquí!

Ledos e contentos os dous cantan, mellor dito: como de costume desafinan, algunha que outra cantiga.

Kiki + Chancho.-

Somos, somos galos bravos,
Galos que acompañan a Colón,
Por esas terras sempre andan en guerras,
E os bisontes cruzan os montes,
E os indios son moi malos de pelar...

19 Música 7

Mentres entra o granxeiro que move a caixa de ferramenta ponse a afiar un coitelo. O kikirixote o ve, pero Chancho non porque está de costas ó granxeiro

Kikirixote.-

Olla meu querido Chancho, o que ves non son outros que xigantes moi malignos... Malísimos ou aínda podo dicir mais: Piores...

O granxeiro marcha pola esquerda e levase a caixa de ferramentas.Chancho xirase e xa non ve ó granxeiro.

Chancho.-

Observe con tino meu Galo, á vista está que é unha roda de afiar...

Kikirixote.-

Iso é o que nos queren facer crer... faime caso, fíxate ben e verás as tétricas facianas dos xigantes financeiros, dos grandes especuladores, dos inmorais traficantes... eles son a máscara perversa da temida e terrible crise económica...

20Ala vou...

*Kikirixote sen pensalo dúas veces, botando aturuxos de guerra, vai a choutos e voando ata chocar contra a **roda** que cae ó chan e o **galo** remata coa **cabeza** dentro da **capoeira**. Mentres Chancho vai todo sufocado e tirallo da perna 2 veces e a 3ª sácao da **capoeira** e quedan os dous no **valado***

Chancho.-

Outra vez non...

Kikirixote.-

¿Cómo me ves, Chancho queridoño?...

Chancho.-

É vostede a viva imaxe do “Galo da triste figura”

Kikirixote.-

¿Cómo me vou presentar con esta guisa desaguisada diante da miña amada?

*Dun chouto tira catro plumas da súa cola e fai un **plumeiro** con elas, e como un poseso ponse a quitar o po da **armadura** e de todo o que atopa por diante...*

Todo ten de ser lustroso, relucir mais co sol... ah, miña querida Dulcichoca!, cando vexas ó teu mais fervente namorado, el, ou sexa eu caerei rendido ós teus pes...Corre querido Chancho vai ao pobo do Toboso e dille a Dulcichoca que o seu mais humilde escravo a agarda para renderlle honores... axiña, vai coma unha chispa, e non te demores na marcha...

***Chancho** vaise murmurando polo baixo, mentres Kikirixote continua co aseo. Chancho queda mirando pola **porta** e fita a unha **porca** e unha **cabrita** que entran polo pozo; ó decatarse que se dirixen cara onde fica Kikirixote, apresurase a darlle a nova de que a sen par Dulcichoca esta pronta a chegar diante da súa presenza. Kikirixote adobiase de xeito estrafalario para recibir a súa platónica amada.*

Chancho.-

Ai veñen, ai veñen , ai veñen e van...

Kikirixote.-

Fala claro, marrán, ¿quen ven, quen vai?

Chancho.-

A sen par Dulcichoca do Toboso, está a chegar. **Música 8**

21

A cabra colle carreiriña e sube ás caixas, logo a porca quere facer o mesmo e cae de cu, a cabra axúdaa a subirá s caixas.

A cabra ponse a bailar enriba da escaleira, e a cantar sen xeito, ornea mais que cacarexa, fai o nº da cabra enriba da escaleira, logo a escaleira se abre e queda como unha ponte entre as caixas e a pila de madeiras.

22

Kikirixote.-

(Á chancho nun aparte) Esta non é miña Dulcichoca, esta é unha cabra cabreada... ¡Ai, que nos deron o gato por lebre, Chancho!

Chancho.-

Que non meu galo, o caso e que o Maligno enfeitizouna, embruxouna, e cos seus esconxuros, cas súas trampas transformouna da galiña poñedora en cabrita tola.

Kikirixote.-

Benvidas sexades graciosas damas

Cabrita.-

Ben chegado sexas, galano galo capón

Kikirixote.-

Esta galiña está como unha cabra

Porca.-

¡Cala galo desplumado! Xa chegaron os viláns a burlarse dos aldeáns

Chancho.-

Como te atreves a falarlle dese xeito ó meu señor o cabaleiro andante...

Kikirixote.-

Deixa de cuspir mais metáforas, Chancho e non perdas os estribos

Porca .-

Deixen de rexoubar, que chegamos tarde ó mercado...

Chancho.-

Vaia par de xamóns ¡7 jotas!

Porca.-

Cala morcillón que tes cara de chourizo

Prosigámolo camiño compañeira...

Cabrita.-

Estes dous están como cabras.

A cabra e a porca baixan polo tablón da esquerda.

Kikirixote.-

(Á Chancho) pobre galiña verte como unha regadeira.

Chancho.-

Coma unha cabra cabreada

Kikirixote.-

(rifándolle) ¿como é que dis Chancho?

Chancho.-

Como unha galiña enfeitizada

Kikirixote.-

Certo. Imos

(cantando) De a Mancha, Manchego
Que hai moito viño
Moito pan, moito aceite

23 Moito touciño...

E se vas á Mancha non te alborotes
Porque vas á terra do Kikirixote,
Do Kikirixote, nena, do Kikirixote.
E se vas á Mancha non te alborotes...

Marchan Kikirixote e Sancho por detrás da capoeira e suben polo tablón ata a pila de madeira da esquerda . Niso entran voando o Corvo e o Moucho. O corvo queda no medio da escaleira e o moucho no tendal, e despois baixa e colocase enriba dos caixóns.

Kikirixote.-

¿A onde ides tan axiña, Maxistrados?

Corvo.-

¿Vostede aínda non se apercibiu?

Moucho.-

Pero, ¿en que mundo vive vostede?

Corvo.-

Imos a oficiar o casoiro do cacique Cápacho, o mais poderoso e ricacho can de toda a bisbarra...

Moucho.-

Coa afamada vedete Rari Pompis Culote

Corvo.-

¡Xuntaranse a fartura coa fermosura!

Moucho.-

Casoiro sen par...haberá convidados a centos

Corvo.-

Suculentos manxares... a millares: estufados, asados, guisados, grellados, sobremesas, pasteis, viños, licores, tisanas, cafés, froitas e lamberetadas.

Moucho.-

Deixémonos de latricar, señor Corvo, que vostede ten que oficiar a cerimonia e este menda inmortalizar ó evento. Tódolos medios de comunicación me han pagar millóns polas miñas afotos.

Corvo.-

Se queren pódenos acompañar.

Kikirixote.-

Pero, ninguén convidounos.

Corvo.-

Que mais ten, entre tanta concorrencia ninguén se decatara da súa presenza

Chancho.-

Imos que onde collen dous collen tres. (*Aparte*) aínda vou quedar sen xantar...

Vanse todos 1º o corvo que voa por enriba de todos e sae pola esquerda, seguido de Chancho que resbala polo tablón, detrás vai Kikirixote e por último o Moucho. Volven a aparecer en escena por detrás da capoeira, 1º vai o corvo que vai ata o pozo 2º o kikirixote que queda no galiñeiro na esquina esquerda e por último o
24*Entran polo tablón Capacho e Rari Pompis. Ela faise a remolona e o Capacho empúrrea. **Música 9***

O Corvo rosma polo baixo verbas en latín incoherentes, música nupcial, neso un garrido Chucho, interrompe a cerimonia, aparece polo Galiñeiro e a noiva finxe desmaio, o Chucho dun chouto dase un trompazo cos caixóns, pero ó momento sube por eles e fachendoso berra.

Chucho.-

Detervos ladróns de corazóns, esa doce e lene cadelíña, de mín está namorada!...

Cápacho.-

¿Quen o di?

Chucho.-

¡Eu!

Cápacho.-

¿Ti?

Chucho.-

Si, eu o seu mais fervente amador namorado, eu o apaixonado can Chucho.

Cápacho.-

Que o deteñan, farrapeiro hippy, pioloso can sen liñaxe mal aquelado, can de palleiro, ollade que porte miserento, que ridículo traxe...

Chucho botándolle drama ao conto se espeta unha faca no costado

Chucho.-

Que aprendan as xeracións futuras como morre un can namorado, se o seu amor é rematado... **Música 10**

Rari Pompis achegase a Chucho e bícao nos beizos

Rari.-

Quedaches de vir as nove e vicheñes as nove e media.

Chucho.-

Raris, tia, disimula...xa queda pouco
(Dirixíndose ós demais en plan tráxico) Agora que o meu fin chegou, só un desexo desexaría ver cumprido

Cápacho.-

Fala valente Chucho

Chucho.-

Querería, desexaría...

Capacho.-

Dispara o cartucho, Chucho

Chucho.-

Desexaría, oh, egoísta de min... casar coa bela Rari Pompis, e acto seguido morrer, deixando viúva que case nin foi casada...

Kikirixote.-

Non lle falla a razón ó cadelo, unha vez morto o can acabouse a rabia, e a linda cadeliña, que asemella estar en alza, poderá entón casar con vostede, e así gozar dunha vida regalada...

O Corvo colocase enriba da galleta.

Corvo.-

Ten razón o Kikirixote, e si don Cápacho non se opón, que case Rari Pompis co desafortunado cadelo...

Cápacho.-

Por min non hai inconveniente, unha obra de caridade non se lle nega a un moribundo.

Kikirixote.-

Que principie a cerimonia, entón.

Música 11

Corvo.-

Atopámonos aquí presentes para xunguir en matrimonio a estes dous parviños, ¿Can Chucho queres por esposa a fermosa Rari Pompis?

Chucho.-

Como non vou querer, si por ela morro.

Corvo.-

¿Rari Pompis e ti queres por marido ao can Chucho?

Rari.-

Si, quero

Corvo.-

Pois eu declárovos marido e muller... si as forzas te deixan podes bicar a noiva, aínda que non mais sexa por seguir o protocolo.

Música 12

*O can **Chucho** bica a noiva apaixonadamente, **Cápacho** nervioso aguanta, **Rari Pompis** corresponde ao **Chucho** na súa paixón.*

*Dun brinco o **Chucho** erguese cunha saúde de ferro, deixando perplexos ós convidados, **Chucho** entón tira a **faca** do costad, **Capacho** se cabrea.*

Cápacho.-

(ó corvo) Esto é unha aldraxe, anule a cerimonia, é unha orde...

Corvo.-

Eu so teño autoridade para casar non para separar.

Cápacho.-

Falarei co alcalde, co ministro, co rei se fai falta, pero esta aldraxe non ha quedar sen castigo.

Kikirixote.-

¿Quen o di? Dilo ti

Cápacho.-

Dígoo eu e acabouse

Kikirixote.-

Os ruliños son novos, don Cápacho, e quérense, que mais lle ten a vostede que é tan garrido cabaleiro, non ten comparanza con ese can de palleiro, non ve que é un farrapo de gaita, deixe que se vaian que mellores cadelas beben os ventos por vostede...

Marchan por detrás do tendal Rari Pompis que leva en brazos ao Can Chucho brazos

Cápacho.-

¿E que hei facer coa comida?, si non hai casoiro non hai papatoria, ¡que desperdicio de larpeiradas!.

Kikirixote.-

Imos don Cápacho que xa di o refrán: non se fixo o caviar para a boca dun porco...

Cápacho.-

Pero, eu son un can.

Kikirixote.-

¿Quen o di? Dilo ti

25 *Vanse Capacho e Kikirixote polo tablón. E logo marchan o Corvo e o Moucho voando cun xiro por enriba dos caixóns e saen pola dereita.*

26 *Entran Chancho e Kikirixote pola esquerda*

Chancho.-

Mire, Sr. Kikirixote, unha luz, é unha pousada...Por fin imos comer
Arroz con chicharos,
Patacas novas, repolo de...

Kikirixote.--

Moita fame tes, querido Chancho

Chancho.-

Home non vou ter, tanta boda tanta boda e non comín nin unha cebola...

*Suben polo **tablón**, vai diante o **Kikirixote** e detrás **Chancho** que esvara, **Kikirixote** axúdao co seu **desparafusador** e voando polo ar **Chancho** vai ficar por diante do **galo**. Atravesan a **ponte** e sentan en primeiro plano enriba dos **caixóns**. Mentres nun segundo plano a escuras se coloca a **TV** enriba do valado e unha **escaleira** para manipular ós **bonequiños***

Kikirixote.-

Mi madriña, canto pesas Chancho, e aínda queres comer mais

Chancho.

Teño fame... Pousadeira, unha de...

*Aparece a **cabra** pola esquerda para tomar nota do pedido.*

Cabrita.-

Berberecho, percebes...

Kikirixote.-

Amigo Chancho, esta cabraaa...non, non, non pode ser

*Aparece o **Maese Perro** enriba da **pila de madeira***

Música 13

27 Maese Perro.-

Eu sei o pasado, o presente e o subxuntivo dos aquí presentes, vexo, ao sobranceiro capón Don Kikirixote o que esta a rañar o cocote e tamén vexo ó seu fiel camarada o rancho Chancho Panza. Vexo, vexo, ¿que vexo?

Kikirixote.-

¿E ti que ves?

Maese Perro.-

Vexo unha cousiña

Kikirixote.-

¿Que cousiña é?

Maese Perro.-

Vexo ó desfacedor de enguedellos, ó galo mais namorado da bela e sen par Dulcichoca do Toboso.

Kikirixote.-

Esta a falar de min... ¿e como me chamo?

Maese Perro.-

E vos mo preguntades, quizais non sabedes voso nome, ou algún mago vos fixo perde-lo xuízo?, oh, valente Kikirixote azote dos ruíns, brazo protector dos caídos e consolo dos desgraciados... vos sodes o que loitou contra feros xigantes disfrazados de muíños, o que baixou as profundidades do Averno, á cova de Montesinos onde o bruxo Merlín mora nun alcázar de vidro, onde ten enfeitizados ós seus primo... digo: primo aquí, primo ala, primo acola...bota viño taberneiro que este primo pagará...

Chancho.-

Acredito que habilidades para adiviñar non lle faltan, pero ¿que mais podedes ofertar para deleite dos aquí presentes?

Maese Perro.-

Saiban vostedes que amais de vidente posúo outras artes que aínda que non son máxicas son festeiras: son un titiriteiro dos de antes, como ben pode acreditar o tío Quirico.

Si teñen a ben acomodarse poderán presenciar un espectáculo en tres dimensións.

Chancho e Kikirixote colocanse unhas gafas para ver tridimensional

Que comece a función.

28 Música 14

Maese Pedro da un chouto e caseque voando desaparece por detrás da TV, ó mesmo tempo aparece xunto ó TV o mono que comenta o que vai acontecendo cos bonecos, estes si teñen forma humana.

O mono no lado esquerdo da árbore

Estruxa - man.-

Esta verdadeira historia que aquí se representa esta sacada ao pe da letra das contas de crédito Francesas e dos políticos contos chineses españois que andan en boca das xentes.

Trata da historia de don Banqueiro e a súa Conta Corrente que é a Prima de Risco e que ficaba cativa nunha caixa forte no país de Moito Morro que hoxe en día dinlle Paraíso Fiscal.

O mono salta para o outro lado da árbore

Xogando están ó monopoly Don Financieiro e don Banqueiro que xa da Prima de Risco se teñen esquecido.

29 Escena I **Música 15**

Aparecen xogando ó monopoly don Banqueiro e don Financieiro

O mono salta para o galiñeiro

30 Agora veredes a Torre do Paraíso Fiscal e a dama que asoma é a sin par Conta Corrente que é Prima de Risco e miren a ese especulador chamado Rapiñeiro que a ten a bo recado.

31 Escena II **Música 16**

Aparecen a Conta Corrente que é Prima de Risco cativa nunha torre de cartos sendo vixiada por Rapiñeiro o especulador.

O mono salta para diante vai dun lado para outro

32 Mais esa figura que aparece motorizada non é outro que un Yayoflauta que se achega á Conta Corrente para liberala. Ésta se descolga do caixeiro automático coa axuda da pasta e fuxe co subversivo cidadán

33 Escena III Música 17

O Yayoflauta aparece en moto e a Conta Corrente escapa esvarando pola pasta de papel hixiénico.

O mono aparece polo tendal e vai xunto de Chanco e o galo. Desaparece por baixo do caixón

34...os demais banqueiros, especuladores e políticos corren tras dos amantes querendo darlles caza

35 Escena IV Música 18

O Banqueiro, Financieiro e Rapiñeiro os persiguen...

Niso Kikirixote tolea e dun chouto aparece xunto ó TV para liberar ós amantes, rompe todo.

Posuído, como un galo de pelexa Kikirixote salta ata o valado e comeza a liorta esnaquizando a maioría dos monicreques.

36 Kikirixote.-

¡Parade xa! Non hei consentir eu na miña presenza que se engane ó famoso Yayo fruta tan atrevido e namorado da xustiza... detédevos canallas, non sigades repañando, ¡detédevos senón comigo sodes na batalla!

O mono escapa polo pozo. Chanco de pé e o Maese Perro asoma por enriba do televisor.

Maese Perro.-

¡Pare, desgraciado que me destrúe todo o convenio colectivo!,

Advirta que estes que derriba, escacha e mata non son verdadeiros especuladores, se non figuriñas de cartón pedra...

Kikirixote.-

Quixera ter aquí diante os que non crean que hai financeiros, estraperlistas e traficantes que so adoran ó poderoso cabaleiro que o é: don din don, don Diñeiro...

Maese Perro.-

E agora que vai ser de min se esnaquizou tódalas miñas reliquias, miñas marionetas herdadas ...

37

Kikirixote.-

Aló menos terei a ben paga-la desfeita causada por unha boa causa...Poña prezo os turuleques... Chancho paga...

Chancho.-

Pero si non teño nin unha futura peseta...

Kikirixote.-

Bo casoiro o do can Chucho coa bela Rari Pompis, si señor

38

Kikirixote vaise ó despiste polo tablón e Chancho vai detrás. Cando lle fala o Maese Pedro da un choutiño para atrás para falar con él e logo marcha á carreiriña.

Maese Perro.-

E a min ¿quen me paga os bonecos?

Chancho.-

Facturas e hipotecas...No banco reclamarás: débedas e letras...

Maese Perro.-

Pero, ¿en que banco dis?, debedor do carafio

Chancho.-

Ese...

Maese Pedro.-

Que vai ser de min, estou arruinado, coitado de min
Dálle unha patada ó TV que sae dando rolos pola esquerda
Aiiii, Uiiii *O Maese Pedro vaise dando choutos polo fondo*

39 *Entran a Gata Merkel e o Parvo Real pola esquerda. Sona un teléfono*

Música 19

Merkel.-

Guillermina, si estamos no camiño e nin rastro do teu tío kikirixote e do seu amigo Chancho. Non te preocupes, xa está todo amañado para o engano. Si estou aquí co galo Kiriko, non vexas que ben lle quedou o disfraz de parvo real.. Non te preocupes que antes que cante o galo están de volta na casa. ¡Imos ó rescate!

A parece cantando Kikirixote

Kikirixote.- *(Cantaruxando)*

Eu de aquí ausenteime
Moi lonxe fun a vivir
Deixei ao titiriteiro chorando e sospirando
tiruleque por mi...

Música 20

Kikirixote *mándalles deterse.*

Kikirixote.-

¡Alto a comitiva! ¿Quen sodes e a onde ides?

Parvo Real.-

Somos executivos activos... e vostede, ¿quen ven sendo?

Kikirixote.-

Son o desfacedor de agravios...

Parvo Real.-

Non me diga mais, vostede é o grande Kikirixote da Granxa...

Kikirixote.-

O mesmiño que viste e calza

Parvo Real.-

A vosa faciana asemella estar triste, ¿que cousa vos aflixe?

Kikirixote.-

A miña ben amada, a sen par Dulcichoca esta encantada e mais cunha fermosa galiña asemella unha cabra cabreada...

Gata.-

Dirixíndose ó Kikirixote

Outra vez facendo das súas...

Kikirixote.-

¿Quen?

Parvo Real.-

O Maldito Malambruno

Kikirixote.-

¿Quen é Malambruno?

Gata.-

É un virus virulento que se mete por dentro dos seres débiles, roubándolles a chaveta...

Kikirixote.-

¿Que poderei facer para vencer o feitizo do ruín Malambruno?

Parvo Real.-

Din que quen domar puidese ao cabalo Clavileño, cabalo nacido dun cravo e unha leño, poderá solucionar o problema desencantando a sen par Dulcichoca que volvera a ser doce e bela, fermosa e graciosa coma unha gasosa...

Kikirixote.-

Pronto, traédeme ao cabalo Clavileño, serei eu quen de domar a tan esdrúxulo adverbio.

Música 21

Aparece Clavileño. Este sube enriba do cabalo

Gata.-

Non pode ser que tan dificultosa viaxe a faga so un cabaleiro, é xusto e mais doado que o acompañe un compañeiro.

Kikirixote.-

Arriba Chanco, ¿quen dixo medo?

Chanco sube a Clavileño

Gata.-

Non esquecer que unha luz cegadora non vos deixara ver o camiño, por iso é preciso tapa-los ollos, a cegas e so coa visión do corazón atoparedes ao malvado xigante nigromante Malambruno...

Os manipuladores lles tapan os ollos

Kikirixote preme o cravo, a Gata dálle descargas eléctricas con unha batería a Chanco, o Parvo os afuma cunha sulfatadora...

VIDEO Clavileño

Chanco.-

Meu señor que dolor, estas descargas eléctricas... cacho calambrazo

Kikirixote.-

Aguanta, Chanco, temos que estar pasando por unha tormenta eléctrica, aguanta que podes provocar un cortocircuíto...

Chanco.-

(Tusindo) Este fume non me deixa respirar, ¡estou abafado!

Kikirixote.-

Non teñas medo, meu siso dime que son as malas artes de Malambruno que quere espantarnos...

Chanco.-

¡Que horror! Penso que comigo acertou

Hai un forte estrondo, Clavileño desaparece. O Parvo Real desaparece voando, Chanco queda sentado na cadeira no galiñeiro. Diante quedan Kikirixote a un lado da ponte e a gata Merkel que van marchando pola dereita mentres falan

Gata.-

Pidan o que desexen valentes liberadores, que si nas nosas mans está o poder satisfacer vosos desexos, cumpridos serán neste intre.

Kikirixote.-

Para min bastante premio é vervos libres das gadoupas de Malambruno... mais se por casualidade puiderades valervos das vosas influencias para agasallar a Chanco cun postiño, xa sabedes, deses que por diante se opositan e por tras auga bendita...

A Gata fala por un telefono móbil... van marchando pola dereita mentres falan

Gata.-

Imos ver, escribo, marco, navego, agardo e a resposta obteño... so queda unha praza de alcalde na illa dos biosbardos... quixen dicir de Bararataria.

Kikirixote.-

Vaille ben, Alcalde aínda que sexa de balde!

Sona o TF de novo **Música 22**

Gata.-

Guillermina, si e agora tocalle o seu amigo Chancho. Xa está todo amañado para o engano

Música 23

40 *Niso ilumínase o galiñeiro e alí está Chancho sentado nunha cadeira e cunha pala de bastón de mando*

Ordenador: Salones luxosos

Aparece o Pingüín polo valado, cruza pechando a porta e colócase no lado esquerdo do galiñeiro

Pingüín.-

Meu señor don Chancho, é costume antiga nesta illa, que quen ven tomar posesión de alcalde esta obrigado a responder a unha pregunta dificultosa que lle han facer e segundo a resposta a xente do pobo saberá si o seu novo alcalde é digno ou non do seu nomeamento dedocrático

Chancho.-

Pois imos aló que eu responderei o mellor que poida.

Pingüín.-

Temos o caso escaso dun coello que di que un raposo quitoulle seus diñeiros.

Entran un coello e un raposo no valado

Coello.-

Señor, a este mal bicho, presteille dez euros coa condición que mos devolva cando eu llos pedira. Reclameillos unha e outra vez, e non so non mos devolve seno que nega que llos prestei, e outras veces di que si llos deixei xa mos ten devolto... tómelle vostede xuramento, que si el di que mos ten devolto eu llos perdo.

Chancho.-

¿Qué decides vello e astuto raposo?

Raposo.-

Confeso que mos prestou... e polo meu honor xurarei se é preciso xurar...
Coello, terma da miña caxata.

O Raposo levanta a man e xura

Raposo.-

Xuro polo meu honor que o coello di e di ben que me prestou dez euros, pero mais certo é que llos teño devolto a súas propias mans.

Chancho.-

Imos ver, coello acredor, ¿é certo o que di o raposo debedor?

Coello.-

Eu o teño por ser de lei, si el di que mos devolveu, pois así debeu de ser...

Chancho.-

Eu sentencio que....

Raposo.- (*Collendo a caxata de novo e índose*)

Beizóns magnánimo alcalde, coello, devólveme a miña caxata

Chancho.-

Agarda meu, xa que o litixio teño aquelado como pagamento reclamo esa caxata que os meus anos boa falta me fai...

Raposo.-

Pero, eu son un vello eivado, sen ela ¿cómo me hei mover?

Chancho.-

Ou eu son o maior paspán do mundo ou ti queres darmas con queixo.
Trae para aquí, a caxata, lambón.

Coello.-

Que lle des a caxata ó señor alcalde

Raposo:-

Non quero, que é miña

O coello e o raposo pelexan pola caxata esta racha deixando ceibes os dez euros

Chancho.-

Raposo, tramposo...Sabíao, sabíao

Todos.-

É mais sabido que o rei Salomón.

Chancho.-

Podedes retirarvos. Ai, que canso estou, esta sentenza abriume o apetito, Mestre Pingüín, ¿non haberá por hai un bocado para un traballador famento?

Pingüín.-

Non faltaría mais, as súas verbas son ordes.

Música 24

41 *Entra o Granxeiro polo tendal leva unha bandexa con manxares e pasa por diante de Chancho*

Pingüín.-

Coidadiño meu señor non lle vaia sentar mal...

Contrólese que a gula é mala para o siso...

Iso non, que pode ter veneno...

Canibalismo non, non ve que son morcillas Burgalesas...

Chancho.-

Pero logo, ¿que hei comer?

Pingüín.-

A fame agudiza o enxeño!

Niso que asoma unha toupa polo pozo

42 Toupa.-

É a revolución, a guerra dos prezos (*a Chancho*) oh, sobranceiro señor guíanos nesta contenda... É a guerra, é a guerra!

43 VIDEO: imaxes de anuncios

Chanchoa vai dun lado para outro toreado polos anuncios, logo é perseguido por a burbulla financeira e logo é manteado polos granxeiros

Chancho sae disparado para atrás

Entra o Kikirixote e atravesa a ponte. Niso Chancho erguese

44

Chancho.-

Non me pregunte nada, amigo Kikirixote, a política profesional e o seu goberno fiquen no inferno, eu prefiro ter ao mundo por fronteira e a liberdade por bandeira...

Música 25

45 *Entra o granxeiro pola esquerda cun queipo.. Chancho cruza por diante do galo buscando o cheiro das butifarras*

Chancho.-

Ese arrecendo lémbreme a meu curmán Marcial

Kikirixote.-

Disimula Chancho, que este non é outro que o afamado cabaleiro da Media Botifarra... Ah, maldito que xamais rendiches honores a mais bela, ela Dulcichoca do Toboso... Axiña as pagar a túa ofensa!... ¡deféndete covarde!

46

O granxeiro pasa por diante deles e senta no caixón da dereita Kikirixote lanza ergueita botase contra o granxeiro, pero este agachase como para recoller algo do chan, Kikirixote vai polo ar e queda pendurado da galleta... o granxeiro colle e marcha sen decatarse de nada pola dereita.

Chancho axuda o malparado soñador a baixarse da lanza... Kikirixote non deixa de laiarse. Chancho móntao enriba del e lévao ao leito cruzando toda a escena.

47 *Atrás*

48 *Atrás dereita*

VIDEO: películas mesturada

49 *Acaba vídeo*

Kikirixote.-

50 Amigo Chanco, chega xa de tanto ocio... cando tanto disparate, tanta hipocrisía... avogados, xuíces, políticos corruptos... tanta violencia institucional... romanos, vaqueiros, leóns, marcianos... odios amoríos, conspiracións, ladros, desvaríos: todos remexidos!...

Desfagamos este revirado entorto!... Hollywood nos agarda, querido Chanco!.... Kikikirikiiiiiiiiiiii!!!!!!!

A galiña choca sae pola fiestra e tiralle un

THE END

51 Saúdo 1

52 Saúdo 2

53 Saúdo 3

54 Contraportada

